

Beneficiarios das máscaras:

- 1- Directamente o alumnado que resultou beneficiario das axudas de material escolar no curso 2020/21 (este estará exento de presentar solicitude)
- 2- O alumnado que non fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar por diferentes circunstancias, pero:
 - a) Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
 - b) Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda da unidade familiar.

Prazo para presentar solicitudes:

O prazo para presentar as solicitudes será de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (14/11/20).

Presentación de solicitudes:

Será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/21.

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no centro docente onde estea matriculado o alumno utilizando o formulario normalizado (**anexo I**) así coma a documentación complementaria.

Documentación complementaria ao anexo I:

- a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

 - 1º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) **Resolución xudicial** de incapacitación con **patria potestade prorrogada ou rehabilitada**.
- f) **Resolución administrativa ou xudicial** acreditativa da situación de **acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

Non será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar do curso 2020/21.